



## MODELO D650

### IMPOSTO SOBRE SUCESIONES E DOAZÓNS.

#### ADQUISICIÓN *MORTIS CAUSA* (POR CAUSA DE MORTE). DECLARACIÓN DE BENS

#### INSTRUCCIÓN

## CUESTIÓNS XERAIS

### Normativa reguladora

- [Lei 29/1987, do 18 de decembro, do imposto sobre sucesións e doazóns](#) (en diante LISD)
- [Real decreto 1629/1991, do 8 de novembro, polo que se aproba o Regulamento do imposto sobre sucesións e doazóns](#) (en diante RISD)
- [Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado](#) (en diante Decreto legislativo 1/2011)
- [Orde do 21 de xaneiro de 2021 pola que se aproban os diferentes modelos de autoliquidación do imposto sobre sucesións e doazóns na Comunidade Autónoma de Galicia e se regulan o procedemento e as condicións para o seu pagamento e presentación, así como determinadas obrigacións formais e de subministración de información tributaria](#) (en diante Orde do 21 de xaneiro de 2021)
- [Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía e modifícanse determinadas normas tributarias](#) (en diante Lei 22/2009)
- [Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias](#) (en diante Lei 19/1995)

### Obxecto de declaración

Cédese á Comunidade Autónoma de Galicia o rendemento do imposto de sucesións producido no seu territorio.

Considérase producido no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia o rendemento do imposto sobre sucesións dos suxeitos pasivos residentes en España que grava as adquisicións *mortis causa* (por causa de morte) e as cantidades percibidas polos beneficiarios de seguros sobre a vida que se acumulen ao resto de bens e dereitos que integran a porción hereditaria do beneficiario dos suxeitos pasivos residentes en España, cando o causante teña a súa residencia habitual en Galicia á data de devindicación (artigo 32 da Lei 22/2009)

Considerarase que o causante residente en territorio español o é no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia cando permanezan no seu territorio un maior número de



días do período dos cinco anos inmediatos anteriores, contados de data a data, que finalice o día anterior ao de devindicación (artigo 28 da Lei 22/2009)

Cadro de delimitación de competencias da Comunidade Autónoma de Galicia no imposto de sucesións conforme á lexislación transcrita:

CAUSANTE	HABENTE CAUSA	COMPETENCIA
Residente en Galicia	Residente en España	Galicia
Residente noutra comunidade autónoma	Residente en Galicia	Comunidade autónoma residencia do causante
Residente en Galicia	Non residente en España	Estado
Non residente en España	Residente en España.	Estado
Non residente en España	Non residente en España	Estado

O modelo D650, aprobado por Orde do 21 de xaneiro de 2021, utilizarase, acompañado do modelo 650, nos casos de adquisicións *mortis causa* (por causa de morte), incluídas as de beneficiarios de contratos de seguros sobre a vida, cando o contratante sexa persoa distinta do beneficiario, salvo os supostos expresamente regulados no artigo 17.2.a) da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio.

Este modelo comprende a relación de bens e dereitos que integran o caudal hereditario con expresión do valor que se atribúe a cada un deles, así como das cargas, débedas e gastos cuxa dedución se solicite, contratos de seguros sobre a vida acumulables á sucesión e a solicitude de reducións non aplicables de oficio. Inclúe un anexo para a relación de suxeitos pasivos.

### Forma de presentación

O modelo D650 previsto no anexo II da Orde do 21 de xaneiro de 2021 que poderá adquirir nas [oficinas de distrito hipotecario e estancos autorizados](#) para a súa venda, presentarase de forma presencial xunto co modelo 650 do anexo III da mesma Orde

O modelo D650 non se presentará cando a autoliquidación confecciónese a través da aplicación que a Atriga pon a disposición dos suxeitos pasivos na OVT, ou ben cando se trate de adquisicións *mortis causa* nas que non se produza o falecemento do transmisor, de adquisicións do usufruto que consoliden o pleno dominio e autoliquidacións parciais a que se refire o artigo 89 do RISD.

Admitirase a presentación dun só modelo D650 por causante sempre que se presenten de forma conxunta os modelos 650 de todos os suxeitos pasivos.



## Lugar de presentación

A presentación presencial realizarase nas [delegacións territoriais da Atriga](#), así como nas [oficinas de distrito hipotecario](#) que teñan encomendada a recepción das devanditas autoliquidacións e declaracións, con independencia de que non teñan atribuídas competencias para a aplicación dos tributos respecto a elas, xunto co modelo 650 do anexo III da Orde do 21 de xaneiro de 2021

## Prazo de presentación

O prazo para a presentación do modelo D650, xunto co modelo 650, será de seis meses, contados desde o día do falecemento do causante ou desde aquel en que adquira firmeza a declaración de falecemento.

## NORMAS PARA CUBRIR O MODELO

### Normas comúns a todas as páxinas

1. Este impreso deberá cubrirse a máquina ou utilizando bolígrafo sobre superficie dura e con letras maiúsculas.
2. En todas as páxinas da relación de bens figurará o NIF, os apelidos e nome do causante.

Norma común aos apartados A ao G (páxinas 1 a 8)

Nos epígrafes "valor" a cantidade para consignar referirase á parte do ben que se transmite. (Exemplo: se se trata dun ben adquirido do que se transmite a metade correspondente ao causante, se o seu valor total é de 6.010,12 euros consignarase a metade do devandito valor: 3.005,06 euros).

A efectos deste imposto, considerarase valor dos bens e dereitos o seu valor de mercado, salvo que resulte de aplicación algunha das regras contidas nos apartados do artigo 9 ou nos artigos seguintes da LISD.

Entenderase por valor de mercado o prezo máis probable polo cal podería venderse, entre partes independentes, un ben libre de cargas.

Con todo, se o valor declarado polos interesados é superior ao valor de mercado, esa magnitude tomarase como base imponible.

No caso dos bens inmobles, o seu valor será o valor de referencia previsto na normativa reguladora do catastro inmobiliario, á data de pagamento do imposto.

Con todo, se o valor do ben inmovible declarado polos interesados é superior ao seu valor de referencia, tomarase aquel como base imponible.

Cando non exista valor de referencia ou este non poida ser certificado pola Dirección Xeral do Catastro, a base imponible, sen prexuízo da comprobación administrativa, será a maior das seguintes magnitudes: o valor declarado polos interesados ou o valor de mercado.

Pode consultar o valor de referencia <https://www.sedecatastro.gob.es/>

Para **feitos impoñibles anteriores ao 1 de xaneiro de 2022 ou posteriores** que teñan por obxecto actos ou contratos sobre **bens inmobles que non contén con valor de referencia**, a administración informará do valor a efectos fiscais dos inmobles que, situados no territorio da súa competencia, vaia a ser obxecto de adquisición ou transmisión por algún dos seguintes medios:

- Se á data de devindicación, o ben está incluído dentro do ámbito de aplicación das Ordes ditadas pola Comunidade Autónoma ao amparo do disposto nas letras b), c) e e) do artigo 57.1 da LXT que desenvolven os medios de comprobación do valor dos bens inmobles, vostede ten á súa disposición unha ferramenta de valoración na web [www.atriga.gal](http://www.atriga.gal).
- Se á data de devindicación, o ben está excluído do ámbito de aplicación das Ordes que desenvolven os medios de comprobación do valor dos bens inmobles, en virtude do disposto no artigo 90 da LXT, se vostede desexa solicitar a valoración directamente, poderá facelo dirixíndose á unidade de valoración da Axencia Tributaria de Galicia que sexa competente segundo a situación do ben por medio dos formularios á súa disposición en [www.atriga.gal](http://www.atriga.gal) no menú Valoración de bens → Bens inmobles → Sistema presencial. Deberá achegarse o xustificante de pago da taxa correspondente segundo o disposto no artigo 26 do Decreto Legislativo 1/2011.

A Administración poderá comprobar o valor dos bens e dereitos transmitidos polos medios de comprobación establecidos no artigo 57 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

## Páxina 1

- (1) Consigne a delegación da Axencia Tributaria de Galicia e, se é o caso, a oficina liquidadora de distrito hipotecario, así como os seus respectivos códigos. Só a Delegación da Coruña ten oficinas liquidadoras de distrito hipotecario (OLDH), para o resto de delegacións o apartado de oficina liquidadora de distrito hipotecario quedará en branco.

DELEGACIÓNS DA AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA	Código
A Coruña	15
Lugo	27
Ourense	32
Pontevedra	36
Vigo	54



OFICINA LIQUIDADORA DE DISTRITO HIPOTECARIO	Código	OFICINA LIQUIDADORA DE DISTRITO HIPOTECARIO	Código
Arzúa	1	Noia	11
Betanzos	2	Ordes	12
Carballo	3	Padrón	13
Corcubión	4	Pontedeume	14
Ferrol	8	Ortigueira	15
Muros	9	Santiago de Compostela	23
Negreira	10		

**Devindicación.** Nas adquisicións por causa de morte e nos seguros sobre a vida, o imposto se devindicará o día do falecemento do causante ou do asegurado ou cando adquira firmeza a declaración de falecemento do causante, conforme ao artigo 196 do Código Civil. Utilizaranse dous díxitos para o día, dous para o mes e os catro últimos para o ano .

**Causante.** Consigne os datos persoais do causante

**Representante.** Consigne os datos persoais da persoa que actúa como representante dos suxeitos pasivos.

A representación poderá acreditarse debidamente na forma que regulamentariamente se estableza. Dispón dun modelo na páxina web [www.atriga.gal](http://www.atriga.gal)

**Suxeitos pasivos.** Indique o número dos habentes causa (suxeitos pasivos) e cubra o anexo de "Relación de suxeitos pasivos na sucesión"

#### **Anexo. Relación de suxeitos pasivos na sucesión**

Consigne os datos persoais dos suxeitos pasivos

**Data de nacemento.** Consigne a data de nacemento do suxeito pasivo.

**Patrimonio preexistente.** Consigne en cifras a contía do patrimonio preexistente do suxeito pasivo, valorado na data de devindicación do imposto sobre sucesións conforme ás normas do imposto sobre o patrimonio e tendo en conta as regras do artigo 22.3 da LISD.

**Parentesco co causante.** Consigne o parentesco do suxeito pasivo co causante.

**Grupo.** Consigne o número do grupo en función do seguinte cadro:

Grupo I: Descendentes e adoptados, que sexan menores de 21 anos.

Grupo II: Descendentes e adoptados de 21 ou máis anos, cónxuxes, ascendentes e adoptantes.

Grupo III: Colaterais de segundo e terceiro grao, ascendentes e descendentes por afinidade.

Grupo IV: Colaterais de cuarto grao, graos máis distantes e estraños.



O artigo 12 do Decreto legislativo 1/2011 dispón que equipáranse ao matrimonio as unións de dúas persoas maiores de idade, capaces, que convivan coa intención ou vocación de permanencia nunha relación de afectividade análoga á conxugal e que a inscriban no Rexistro de Parellas de Feito de Galicia, expresando a súa vontade de equiparar os seus efectos aos do matrimonio.

**Discapacidade.** Se o suxeito pasivo ten a condición legal de persoa con discapacidade física, psíquica ou sensorial marque cunha "X" a porcentaxe de discapacidade

**Autoriza ao representante?** Indique se o suxeito pasivo outorga ou non a representación ao representante.

**Firma.** A ficha deberá ser asinada polo habente causa

### Título sucesorio

Marque cunha "X" o título sucesorio de que se trate: Herdanza, Legado ou Outros.

Cabe consignar no recadro "Outros": a doazón mortis causa; contratos ou pactos sucesorios (excluídas as adquisicións mortis causa nas que non se produza o falecemento do transmisor); as cantidades asignadas polos testadores aos testamenteiros sempre que excedan do establecido por uso ou costume, ou do 10 por 100 do valor da masa hereditaria; a percepción de cantidades que as entidades entreguen aos familiares dos empregados falecidos, salvo as derivadas de seguros de vida para o caso de falecemento ou as que deban tributar por IRPF.

### Declaración complementaria

Marque cunha "X" se se trata dunha declaración complementaria doutra presentada con anterioridade.

Nº expediente. Indique o número de expediente da primeira declaración presentada.

### Data e firma de declaración

O documento deberá ir asinado polo representante. Indique a data.

## Páxina 2 – Páxina 3

### Epígrafe A. Bens inmobles.

Consigne os bens inmobles de titularidade do causante que forman parte da masa hereditaria, excepto os afectos a actividades empresariais ou profesionais que se detallarán en epígrafe B. Relacionaranse no epígrafe A<sub>1</sub> os bens inmobles rústicos, no A<sub>2</sub> os bens inmobles urbanos.

#### Epígrafe A<sub>1</sub>. Bens inmobles rústicos.

**% Titularidade.** Porcentaxe de titularidade que sobre o ben ten o causante.

**Clave título.** Utilizaranse as seguintes claves do título do causante: P Pleno dominio; N núa propiedade; T Dereito de aproveitamento por quendas (multipropiedade), propiedade a tempo parcial ou fórmulas similares con titularidade parcial do ben.



**Código cultivo.** Segundo os códigos que figuran no cadro seguinte

**Clave situación.** Segundo os códigos que figuran no cadro seguinte

**Superficie.** En m<sup>2</sup>

**Valor.** Téñase en conta o indicado na apartado Norma común aos apartados A ao G (páxinas 1 a 8)

**Epígrafe A<sub>2</sub> . Bens inmuebles urbanos.**

**% Titularidade.** Porcentaxe de titularidade que sobre o ben ten o causante.

**Clave título.** Utilizaranse as seguintes claves do título do causante: P Pleno dominio; N núa propiedade; T Dereito de aproveitamento por quendas (multipropiedade), propiedade a tempo parcial ou fórmulas similares con titularidade parcial do ben.

**Código uso.** Segundo os códigos que figuran no cadro seguinte

**Superficie.** En m<sup>2</sup>

**Valor.** Téñase en conta o indicado na apartado Norma común aos apartados A ao G (páxinas 1 a 8)

**[A] Total de bens inmuebles (A<sub>1</sub> + A<sub>2</sub>).** Consigne as sumas dos recadros [A<sub>1</sub>] e [A<sub>2</sub>]

## CÓDIGOS

INMOBLES URBANOS		INMOBLES RUSTICOS			
CÓDIGO	USO	CÓDIGO	CULTIVO	CÓDIGO	SITUACIÓN
CO	Comercial	C	Labradío	CC	Estrada comarcal
GA	Garaxe	H	Horta	CN	Estrada nacional
IN	Industrial	ER	Era	IN	Interior
OF	Oficina	PR	Prado	NP	Núcleo poboación
S	Solar	V	Viña	PV	Pista veciñal
TE	Terraza	PD	Pradeira	O	Outro
TR	Rocho	FG	Carballeira		
VA	Vivenda agrícola	FC	Castiñeira		
VI	Vivenda	MN	Monte arborado		
		MT	Monte non arborado		
		MB	Monte baixo		
		Y	Ermo		
		O	Outro		



## Páxina 3 - Páxina 4 - Páxina 5

### **Epígrafe B. Bens e dereitos afectos a actividades empresariais e profesionais.**

#### **Epígrafe B<sub>1</sub> Bens e dereitos afectos a actividades empresariais e profesionais, excepto a inmobles**

**% Titularidade.** Porcentaxe de titularidade que sobre o ben ten o causante.

**Clave título.** Utilizaranse as seguintes claves do título do causante: P Pleno dominio; N núa propiedade; T Dereito de aproveitamento por quendas (multipropiedade), propiedade a tempo parcial ou fórmulas similares con titularidade parcial do ben.

**Valor.** Téñase en conta o indicado na apartado Norma común aos apartados A ao G (páxinas 1 a 8)

#### **Epígrafe B<sub>2</sub> Bens inmobles de natureza rústica afectos a actividades empresariais e profesionais.**

**% Titularidade.** Porcentaxe de titularidade que sobre o ben ten o causante.

**Clave título.** Utilizaranse as seguintes claves do título do causante: P Pleno dominio; N núa propiedade; T Dereito de aproveitamento por quendas (multipropiedade), propiedade a tempo parcial ou fórmulas similares con titularidade parcial do ben.

**Código cultivo.** Segundo os códigos que figuran no epígrafe A

**Clave situación** Segundo os códigos que figuran no epígrafe A

**Superficie.** En m<sup>2</sup>

**Valor.** Téñase en conta o indicado na apartado Norma común aos apartados A ao G (páxinas 1 a 8)

#### **Epígrafe B<sub>3</sub> Bens inmobles de natureza urbana afectos a actividades empresariais e profesionais.**

**% Titularidade.** Porcentaxe de titularidade que sobre o ben ten o causante.

**Clave título.** Utilizaranse as seguintes claves do título do causante: P Pleno dominio; N núa propiedade; T Dereito de aproveitamento por quendas (multipropiedade), propiedade a tempo parcial ou fórmulas similares con titularidade parcial do ben.

**Código uso.** Segundo os códigos que figuran no Epígrafe A

**Superficie.** En m<sup>2</sup>

**Valor.** Téñase en conta o indicado na apartado Norma común aos apartados A ao G (páxinas 1 a 8)

#### **Epígrafe B<sub>4</sub>. Débedas afectadas actividades empresariais ou profesionais**

**[B] Total bens e dereitos afectos a actividades empresariais e profesionais (B<sub>1</sub> + B<sub>2</sub> + B<sub>3</sub> – B<sub>4</sub>).** Consigne o resultado de restar o recadro [B<sub>4</sub>] ás sumas dos recadros [B<sub>1</sub>], [B<sub>2</sub>] e [B<sub>3</sub>]





## Páxina 5

### **Epígrafe C. Depósitos en conta corrente ou de aforro, á vista ou a prazo, contas financeiras e outros tipos de imposicións en conta.**

Respecto a cada unha das contas, depósitos ou imposicións de titularidade do causante indique a entidade de depósito, o IBAN ou número de imposición e o valor á data de devindicación.

## Páxina 6

### **Epígrafe D. Valores representativos da cesión a terceiros de capitais propios.**

Relacionaranse todos os valores representativos da cesión a terceiros de capitais propios de titularidade do causante, consignando na columna "Nº valores" o número de cada clase de valor.

No epígrafe D<sub>1</sub>, relacionaranse aqueles admitidos a negociación en mercados organizados e no D<sub>2</sub>, os non admitidos a negociación.

#### **[D] Total valores representativos da cesión a terceiros de capitais propios (D1 + D2).**

Consigne o resultado de sumar os recadros [D1] e [D2]

## Páxina 7

### **Epígrafe E. Valores representativos da participación nos fondos propios de calquera tipo de entidade.**

Indique as accións e participacións no capital social ou nos fondos propios de sociedades, fondos de investimento ou doutras entidades xurídicas de titularidade do causante, consignando na columna "Nº Valores" o número de cada clase de títulos.

No epígrafe E<sub>1</sub>, relacionaranse aqueles admitidos a negociación en mercados organizados e no E<sub>2</sub>, os non admitidos a negociación

#### **[E] Total valores representativos da participación nos fondos propios de calquera tipo de entidades (E1 + E2).**

Consigne o resultado de sumar os recadros [E1] e [E2]

## Páxina 8

### **Epígrafe F. Xoias, peles de carácter suntuario, vehículos, embarcacións, aeronaves, obxectos de arte e antigüidades.**

Relacione as xoias, peles de carácter suntuario, automóviles, vehículos de dous ou tres rodas, embarcacións de recreo ou deportes náuticos, veleiros, avións, avionetas e demais aeronaves de titularidade do causante.

Se polas características do medio de transporte está dentro do ámbito de aplicación da Orde pola que se aproban os prezos medios de venda ditada polo Ministerio de Facenda

para cada ano, ao amparo do disposto no artigo 57 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, ten á súa disposición unha ferramenta adaptada á mesma no sitio web [www.atriga.gal](http://www.atriga.gal) na oficina virtual.

### **Epígrafe G. Demais bens e dereitos de contido económico.**

Consigne os bens e dereitos non incluídos nos epígrafes anteriores, por exemplo haberes devindicados e non percibidos, opcións contractuais, dereitos derivados da propiedade intelectual ou industrial non afectos a actividades económicas, empréstitos concedidos ou outros.

En particular, consignarase o dereito á percepción das cantidades que, calquera que sexa a súa denominación, entreguen as empresas aos familiares de membros ou empregados falecidos, sempre que non estea disposta expresamente a súa tributación no imposto sobre a renda das persoas físicas.

Así mesmo, incluíranse as indemnizacións satisfeitas polas administracións públicas ás persoas herdeiras dos afectados da síndrome tóxica e as prestacións públicas extraordinarias por actos de terrorismo percibidas polos herdeiros.

### **Total valor bens e dereitos. Recadro [01]**

Consigne no recadro [01] o resultado de sumar os importes indicados nos recadros [A] a [G].

### **Epígrafe H. Bens adicionais á masa hereditaria. Recadro [2].**

Este epígrafe está reservado para incluír os bens que, sen ser de titularidade do causante na data de falecemento, procedería sumar á masa hereditaria.

**Clave de adición.** Consigne algunha das seguintes claves:

- **A1.** Bens e dereitos adicionais por pertencer ao causante ata o ano anterior ao falecemento, salvo proba en contrario. Esta adición afectará a todos os habentes causa na mesma proporción, salvo que de forma fidedigna acredítese a transmisión a algunha persoa en particular; en tal caso só afectará a esta que asumirá a condición de herdeiro para os efectos fiscais.
- **A2.** Bens e dereitos adicionais por adquirilos en usufruto e a título oneroso o causante, e en núa propiedade un herdeiro, legatario, parente dentro do terceiro grao ou cónxuxe de calquera deles ou do causante, nos tres anos anteriores ao falecemento. Esta adición afectará exclusivamente o adquirente da núa propiedade, ao que se liquidará pola transmisión *mortis causa* (por causa de morte) do pleno dominio.
- **A3.** Bens e dereitos adicionais por ser transmitidos polo causante a título oneroso durante os catro anos anteriores ao seu falecemento, reservándose este o usufruto ou outro dereito vitalicio, salvo cando se trate dun contrato de renda vitalicia asinado cunha entidade dedicada legalmente a este xénero de operacións. Esta adición afectará

exclusivamente ao adquirente da núa propiedade, ao que se liquidará pola transmisión *mortis causa* (por causa de morte) do pleno dominio.

- **A4.** Valores e efectos depositados e cuxos resgardos endosáronse, se con anterioridade ao falecemento do endosante non se retiraron aqueles ou tomado razón do endoso nos libros do depositario, e os valores nominativos que fosen igualmente obxecto de endoso, se a transferencia non se fixo constar nos libros da entidade emisora con antelación ao falecemento do causante, salvo proba en contrario. Esta adición afectará exclusivamente ao endosario dos valores.

Exclusión das adicións: non se practicarán as adicións cando o satisfeito polo imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados sexa superior ao que correspondería pagar polo imposto sobre sucesións. De ser inferior, procede a adición, pero o suxeito pasivo ten dereito a que se lle deduza da liquidación practicada polo imposto sobre sucesións o satisfeito polo imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

## Páxina 9

### Epígrafe I. Exencións. Recadro [03]

Dá dereito a este tipo de exención a adquisición dos seguintes bens:

- **Clave de exención X1.** Bonos de caixa dos bancos industriais ou de negocios anteriores a 19-01-1987
- **Clave de exención X2.** Predios rústicos ou explotacións agrarias nos supostos previstos nos artigos 10.1 e 20.1 da Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias (artigo 10.1, adquisición de terreos que permita completar baixo un só linde superficie suficiente para constituír unha explotación prioritaria; artigo 20.1, adquisición por agricultor novo ou asalariado agrario).

**As exencións correspondentes a seguros de vida reflectiranse no seu epígrafe específico.**

### Epígrafe J. Enxoval doméstico. Recadro [05]

**Valor estimado [ve],** consigne o valor do enxoval doméstico conforme a estimación efectuada polos interesados.

**Valor calculado** proceda da seguinte maneira:

**[a] Valor das vivendas destinadas a uso do causante.** Consigne o importe que resulte de sumar o valor dos bens inmobles que teñan a consideración de vivendas que estivesen destinadas ao uso persoal e familiar do causante (primeira, segunda ou posteriores), incluídos garaxes e rocho asimilados a vivenda\*, ou o valor de automóbiles (caravanas) ou embarcacións no caso de que estes últimos fosen utilizados polo causante como morada. Exclúense os bens inmobles que estean arrendados ou se destinen ao arrendamento, así como os afectos a actividades económicas.



\*Asimílanse a vivenda as prazas de garaxe, ata un límite de dous, e os rochos adquiridos conxuntamente coa mesma.

**[b]** Consigne o resultado de multiplicar por 3% o importe do recadro [a].

**No caso de cónxuxe sobrevivente para deducir**

**[c] Valor catastral vivenda habitual.** Consigne o valor catastral da vivenda habitual.

**[d]** Consigne o resultado de multiplicar por 3% o importe do recadro [c].

**[vc] Total valor calculado.** Consigne a diferenza entre o recadro [b] e [d].

**[05] Valor do enxoval doméstico.** Indique o importe consignado no recadro [ve] ou [vc]

**Epígrafe K. Cargas e gravames deducibles. Recadro [07].**

Do valor dos bens, unicamente serán deducibles as cargas ou gravames de natureza perpetua, temporal ou redimibles que aparezan directamente establecidas sobre os bens e diminúan realmente o seu capital ou valor, como os censos e as pensións, sen que merezan tal consideración as cargas que constitúan obrigación persoal do adquirente nin as que, como as hipotecas e as prendas, non supoñan diminución do valor do transmitido, sen prexuízo, se é o caso, de que as débedas que garantan poidan ser deducidas se concorren os requisitos establecidos para as débedas deducibles.

Cando non constase expresamente a duración das pensións, cargas ou gravames deducibles, considerarase ilimitada.

**Valor.** Entenderase como valor do censo o do capital que deba entregarse para a súa redención segundo as normas do Código civil ou das lexislacións forais. O valor das pensións obterase capitalizándoas ao tipo de interese legal do diñeiro determinado na Lei de orzamentos xerais do Estado, e tomando do capital resultante aquela parte que, segundo as regras establecidas para valorar os usufrutos, corresponda á idade do pensionista, se a pensión é vitalicia, ou a duración da pensión se é temporal. Na valoración das pensións temporais que non se extingan ao falecemento do pensionista, non rexerá o límite fixado na dos usufrutos.

Ao extinguirse a pensión, o adquirente do ben virá obrigado a satisfacer o imposto correspondente ao capital deducido segundo a tarifa vixente no momento da constitución daquela.

**[07a] Cargas e gravames deducibles de bens herdanza e legado.** Consigne o resultado de sumar as cargas e gravames deducibles dos bens e dereitos herdados e legados.

**[07b] Cargas e gravames deducibles de bens adicionais.** Consigne o resultado de sumar as cargas e gravames deducibles dos bens e dereitos adicionais.

**[07] Total (07a+07b).** Consigne o importe de sumar os recadros [07a] e [07b]

### **Epígrafe L. Débedas deducibles. Recadro [08]**

Poderán deducirse, con carácter xeral, as débedas que deixase contraídas o causante da sucesión sempre que a súa existencia acredítese por documento público, ou por documento privado que reúna os requisitos do artigo 1227 do Código civil ou se xustifique doutro xeito a existencia daquelas, salvo as que o fosen a favor dos herdeiros ou dos legatarios de parte alícuota e dos cónxuxes, ascendentes, descendentes ou irmáns daqueles, aínda que renunciem á herdanza. A Administración poderá esixir que os herdeiros ratifiquen a débeda en documento público, coa comparecencia do acredor.

En especial, serán deducibles as cantidades que deba o causante por razón de tributos do Estado, de comunidades autónomas ou de corporacións locais ou por débedas da Seguridade Social e que se satisfagan polos herdeiros, testamenteiros ou administradores do caudal hereditario, aínda que correspondan a liquidacións viradas despois do falecemento.

**[08]** Consigne o importe que resulte de sumar todas as débedas deducibles do causante.

### **Páxina 10**

### **Epígrafe M. Gastos deducibles. Recadro [09]**

Serán deducibles da masa hereditaria:

- a) Os gastos que, cando a testamentaría ou o ab intestato (sen testamento) adquiran carácter litigioso ocasiónense no litixio en interese común de todos os herdeiros pola representación lexítima de dicha testamentarías ou abintestatos, sempre que resulten debidamente probados con testemuño dos autos; e os de arbitrase, nas mesmas condicións, acreditados por testemuño das actuacións.
- b) Os gastos de última enfermidade satisfeitos polos herdeiros, en canto xustifíquense.
- c) Os gastos de enterro e funeral en canto xustifíquense e ata onde garden a debida proporción coa masa hereditaria, conforme os usos e costumes de cada localidade.

Non serán deducibles os gastos que teñan a súa causa na administración do patrimonio sucesorio.

**[09]** Consigne o importe que resulte de sumar todos os gastos deducibles.

### **Masa hereditaria neta. Recadro [11].**

Como masa hereditaria neta (recadro [11]) farase constar o resultado de diminuír o total valor bens e dereitos (recadro [01]), bens adicionais (recadro [02]) e enxoval doméstico (recadro [05]), no importe das exencións (recadro [03]) e deducións (recadros [07], [08] e [09]). É dicir, [11] = [01] + [02] – [03] + [05] – [07] – [08] – [09].



## **Epígrafe N. Relación de bens e dereitos legados ou atribuídos singularmente polo suxeito pasivo a determinados habentes causa. Recadro [12].**

Consigne os bens e dereitos atribuídos especificamente polo testador a persoas determinadas, que normalmente haberán de deducirse da masa hereditaria neta para determinar a masa hereditaria para repartir, aínda que, no seu caso, poden implicar a repartición de toda a masa.

Consigne o NIF, así como o nome e apelidos do beneficiario do legado

**Descrición do legado.** Describíranse sucintamente os bens e dereitos legados, con referencia ao epígrafe da declaración e número de orde en que se fixo figurar o ben ou dereito.

**Valor neto.** O valor do ben menos as cargas que puidesen recaer sobre el ou as débedas garantidas con el e que asumirá o legatario. Para o caso do legado de bens, que non o sexan en pleno dominio, e para os efectos do cálculo numérico, teranse en conta as regras de valoración definidos no epígrafe das instrucións do modelo 650 correspondente á **PARTICIPACION INDIVIDUAL - AUTOLIQUIDACION.**

### **Páxina 11**

## **Epígrafe O. Percepcións de contratos de seguros de vida. Recadro [21].**

Consigne as cantidades percibidas polo beneficiario dos contratos de seguro, así como os demais datos solicitados relativos á póliza subscrita. Se se trata de rendas temporais ou vitalicias, consígnase o valor actual.

### **O<sub>1</sub>) Seguros suxeitos**

### **O<sub>2</sub>) Seguros exentos.**

## **Epígrafe P. Doazóns, transmisións "inter vivos" equiparables e contratos e pactos sucesorios acumulable. Recadro [22].**

No apartado valor, consigne a base liquidable teórica das doazóns e demais transmisións inter vivos (entre vivos) equiparables e das autoliquidacións producidas en vida do causante como consecuencia de contratos e pactos sucesorios acumulables á sucesión que se cause polo doante ou causante a favor do donatario ou sucesor "mortis causa", sempre que o prazo que medie entre esta e aquelas non exceda de catro anos (artigo 30 da LISD).

Se son varias as doazóns e demais transmisións inter vivos (entre vivos) equiparables e/ou os contratos e pactos sucesorios acumulables á sucesión, en cada liña deberá consignar cada un deles e, no apartado valor, a base liquidable teórica\* que corresponda á adquisición que se liquidou e non a base liquidable teórica total tida en conta para o cálculo do tipo medio de gravame.

\*A base liquidable teórica é a correspondente ao valor conxunto da núa propiedade e o usufruto (valor íntegro do ben) tras aplicar as reducións procedentes.

**Recadro [22] consigne o importe que resulte de sumar as bases liquidables teóricas indicadas no apartado Base liquidable teórica.**

**Páxina 12**

**Epígrafe Q. Solicitud de reducións non aplicables de oficio.**

Sinalaranse neste epígrafe todas as reducións que os suxeitos pasivos queren solicitar. O suxeito pasivo deberá consignar no recadro correspondente do modelo 650 o importe que resulte de aplicar a porcentaxe de redución ao valor do ben incluído na base imponible do suxeito pasivo segundo os dereitos adquiridos na sucesión.

**Apartado da declaración.** Indique o apartado da declaración en que se describe o ben para o que se solicita a redución.

**Nº do ben.** Da relación bens realizada no apartado indicado consigne o número que lle corresponde

**[24a] Redución por adquisición de empresa individual ou negocio profesional**

- A. ***Redución autonómica (99%) por adquisición de empresa individual ou negocio profesional*** (artigo 7.catro do Decreto legislativo 1/2011)
- B. ***Redución (95%) por adquisición de empresa individual ou negocio profesional*** (artigo 20.6 LISD)

**[24b] Redución por adquisición de participación en entidades**

- A. ***Redución (99%) por adquisición de participación en entidades*** (artigo 7.catro do Decreto Legislativo 1/2011)
- B. ***Redución por adquisición de participación en entidades*** (artigo 20.6 LISD)

**[24c] Redución por Patrimonio Histórico.**

- A. ***Adquisición de bens integrantes do Patrimonio Histórico Español ou do Patrimonio Histórico ou Cultural da Comunidades Autónomas*** (artigo 20.6 LISD)

**[24d] Redución por vivenda habitual**

- A. ***Redución por adquisición do vivenda habitual*** (artigo 7.tres do Decreto legislativo 1/2011)

**[24e] Redución por explotacións agrarias**

- A. ***Redución autonómica (99%) por adquisición de explotación agraria e elementos afectos*** (artigo 7.cinco do Decreto legislativo 1/2011)
- B. ***Redución autonómica (99%) por adquisición de leiras rústicas para transmisión posterior*** (artigo 7.cinco do Decreto Legislativo 1/2011)
- C. ***Transmisión de explotación*** (Lei 19/1995)
- D. ***Explotación baixo un so linde (50%)*** (Lei 19/1995)



- E. **Transmisión parcial de explotacións e predios rústicos (75%)** (Lei 19/1995)
- F. **Transmisión de explotación (agricultor novo, asalariado agrario e cónxuxe) (100%)** (Lei 19/1995)
- G. **Transmisión parcial de explotacións e terreos rústicos (agricultor novo ou asalariado agrario) (85%)** (Lei 19/1995)
- H. **Superficies incluídas nos plans de protección de interese natural (DA 4ª)** (Lei 19/1995)
- I. **Superficies con Plan de Ordenación Forestal ou Plan Técnico de Xestión e Mellora Forestal (DA 4ª)** (Lei 19/1995)
- J. **Superficie rústica dedicación forestal (DA 4ª)** (Lei 19/1995)

#### [24f] Outras reducións

- A. **Adquisición de predios forestais de superficie de xestión e comercialización conxunta** (artigo 7.sete do Decreto legislativo 1/2011)
- B. **Adquisición de bens para creación ou constitución dunha empresa ou negocio profesional** (artigo 7.oito do Decreto legislativo 1/2011)
- C. **Adquisición de fincas rústicas incluídas na Rede galega de espazos protexidos** (artigo 7.seis do Decreto legislativo 1/2011)
- D. **Adquisición de solo rústico do artigo 31 da lei 2/2016** (artigo 7.seis do Decreto legislativo 1/2011)
- Z. **Outras.** Cando o devandito beneficio fiscal estea fundamentado en calquera outra norma, no código Z, especifique esta, así como o precepto concreto no que se atopa recollido

#### Incompatibilidade das reducións

As reducións autonómicas, excepto a da vivenda habitual, son propias da comunidade autónoma e serán incompatibles, para unha mesma adquisición, entre si e coa aplicación das reducións reguladas na LISD, ou coas reguladas en leis especiais en relación con este imposto, sempre que fosen establecidas en consideración á natureza do ben obxecto daquelas.

#### Base das reducións

Nas reducións aprobadas polo Decreto legislativo 1/2011 a porcentaxe de redución aplicarase sobre o resultado de deducir do valor do ben ou dereito o importe das cargas e gravames que contempla o artigo 12 da LISD, así como a parte proporcional do importe das débedas e gastos que sexan deducibles de acordo cos artigos 13 e 14 da mesma lei, sempre





que estes últimos tivéronse en conta na fixación da base imponible individual do habente causa.

Os beneficios fiscais aprobados pola Comunidade Autónoma de Galicia que dependan do cumprimento polo contribuínte de calquera requisito nun momento posterior a devindicación non se aplicarán de oficio, habendo de solicitarse expresamente polo contribuínte no período regulamentario de presentación da declaración do imposto, practicándose os devanditos beneficios fiscais na correspondente autoliquidación.

No caso de declaración extemporánea sen requirimento previo, a solicitude deberá realizarse na presentación da declaración, practicándose os devanditos beneficios fiscais na correspondente autoliquidación.

No caso de que na autoliquidación presentada non se aplicaron os citados beneficios fiscais, non poderá rectificarse con posterioridade en canto á aplicación do beneficio fiscal, salvo que a solicitude de rectificación presentouse no período regulamentario de declaración.

A ausencia de solicitude do beneficio fiscal dentro do prazo regulamentario de declaración ou a súa non aplicación na autoliquidación entenderase como unha renuncia á aplicación do mesmo.

### **Incumprimento dos beneficios**

En caso de incumprimento dos requisitos que haxan de cumprirse con posterioridade a devindicación do imposto, deberá ingresarse a cantidade derivada do beneficio fiscal xunto cos xuros de mora. Para estes efectos, o suxeito pasivo deberá practicar a correspondente autoliquidación e presentala no prazo sinalado na norma que regula o beneficio fiscal, a computar desde o momento en que se incumprisen os requisitos. Cando a norma que regula o beneficio fiscal non estableza un prazo, o ingreso e presentación da autoliquidación farase dentro do prazo regulamentario de declaración establecido nas normas reguladoras de cada tributo.

### **[26] Redución por transmisión consecutiva**

#### **A. *Redución por transmisión consecutiva mortis causa (por causa de morte).***

Consigne o importe do satisfeito previamente como cota tributaria polas transmisións *mortis causa* (por causa de morte), cando uns mesmos bens fosen obxecto de dous ou máis transmisións *mortis causa* (por causa de morte) en favor de descendentes ou adoptados nun período máximo de 10 anos, e procédase a liquidar a segunda ou posteriores transmisións.